




**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
 CON/51/2019	 CON14I065	
5L3D73342B4K113K0ZAH		
		

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.****CADRO DE CARACTERÍSTICAS**

EXPEDIENTE: CON/51/2019

1. PODER ADXUDICADOR: Concello de Narón
2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMPETENTE: Alcaldía
3. RESPONSABLE DO CONTRATO: Tesoureira.
4. EXISTENCIA DE CONSULTA PRELIMINAR DE MERCADO: Non.
5. OBXECTO DO CONTRATO: Prestación do servizo de colaboración na xestión tributaria e recadatoria da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos.
  - a. CPV: 79940000-5 Servizo de axencias de recadación de fondos.
  - b. LOTES: Este contrato non está dividido en lotes.
6. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: Contrato non suxeito a regulación harmonizada.
  - a. Procedemento: Aberto
  - b. Tramitación: Ordinaria
7. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN: 89.909,08 euros ( IVE incluído).
  - a. Costes directos: 56.201,94 euros.
  - b. Costes indirectos: 6.239,26 euros.
  - c. Gastos xerais/beneficio industrial: 11.863,82 euros.
8. APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 9320 22708 (documentos contables RC: 2202000000583 e RCP: 220199000217).
9. TIPO DE LICITACIÓN: á baixa sobre o presuposto base de licitación.
10. VALOR ESTIMADO: O valor estimado desta contratación é de 74.305,02 euros.
11. SOLVENCIA:
  - a. Solvencia económica: O criterio para a acreditación desta solvencia será o volume anual de negocios do licitador que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato (55.728,77 euros).

Acreditación: Mediante as contas anuais (segundo cláusula 17)
  - b. Solvencia técnica: O importe anual acumulado dos servizos ou traballos da mesma natureza no ano de maior execución deberá ser igual ou superior á anualidade media do contrato (37.152,51 euros).

Acreditación: Relación dos principais servizos ou traballos de igual ou similar natureza que o obxecto do contrato dos tres últimos anos (segundo cláusula 18)

12. CLASIFICACIÓN: Non se esixe. De conformidade co establecido no artigo 77.1.b da LCSP, tendo en conta que o obxecto do contrato non se atopa incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia indicados no punto anterior (ver cláusulas 17 e 18).

13. GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación (excluído o IVE).

14. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

a. Prezo: 90 puntos.

b. Incremento presenza efectiva en atención ao público: 10 puntos.

15. CRITERIOS DE DESEMPATE: terán preferencia as propostas presentadas polas empresas que teñan no cadro de persoal unha porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade superior ao que impón a normativa.

16. ADMISIÓN DE VARIANTES OU MELLORAS: Non

17. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: 15 días naturais (tramitación ordinaria).

18. PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Electrónica. Con carácter exclusivo e excluínte: Plataforma de contratación do Sector Público.

19. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS: SI

20. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:

-O estrito cumprimento das disposicións legais regulamentarias e convencionais vixentes e que resulten de aplicación en materia laboral, de Seguridade Social e saúde no traballo.

-O estrito cumprimento das disposicións previstas na LO 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

21. PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 anos

22. POSIBILIDADE DE PRÓRROGA: Neste contrato non se contempla a posibilidade de prórroga.

23. RÉXIME DE PAGO: Mensual. Cota fixa.

24. REVISIÓN DE PREZOS: Non procede

25. DATOS DE FACTURACIÓN: Ver cláusula 33

26. PRAZO DE GARANTÍA: 6 meses

27. SUBCONTRATACIÓN: Parcial (ver cláusula 41)

28. CESIÓN DO CONTRATO: ver cláusula 41

29. MODIFICACIÓN PREVISTAS: Non se prevén.

30. PENALIDADES: ver cláusula 37

31. CAUSAS DE RESOLUCIÓN: Ver cláusula 35 e 37

32. ACCESO AO PERFIL DO CONTRATANTE:  
<http://www.naron.es/web/cat/gal/concello/perfil-del-contratante-inicio>



## Índice de contido

### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

- CLÁUSULA 1ª Obxecto
- CLÁUSULA 2ª Codificación do obxecto
- CLÁUSULA 3ª Necesidades administrativas a satisfacer e factores a ter en conta
- CLÁUSULA 4ª Réxime xurídico
- CLÁUSULA 5ª Órgano de contratación
- CLÁUSULA 6ª Perfil de contratante
- CLÁUSULA 7ª Orzamento e base de licitación
- CLÁUSULA 8ª Crédito orzamentario; rúbrica contable con cargo ao que se abonará o prezo
- CLÁUSULA 9ª Duración e determinación das prórrogas

### CAPÍTULO II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

- CLÁUSULA 10ª Tramitación do expediente a efectos da adxudicación do contrato
- CLÁUSULA 11ª Procedemento de adxudicación do contrato
- CLÁUSULA 12ª Criterios de valoración das ofertas
- CLÁUSULA 13ª Documentación con carácter contractual
- CLÁUSULA 14ª Dereitos e obrigas específicas das partes
- CLÁUSULA 15ª Contratista. Capacidade
- CLÁUSULA 16ª Contratista. Prohibición de contratar
- CLÁUSULA 17ª Contratista. Solvencia económica e financeira
- CLÁUSULA 18ª Contratista. Solvencia técnica e profesional
- CLÁUSULA 19ª Contratista. Clasificación
- CLÁUSULA 20ª Proposicións
- CLÁUSULA 21ª Modo de presentación das proposicións
- CLÁUSULA 22ª Documentos, forma e contido das proposicións
- CLÁUSULA 23ª Mesa de contratación
- CLÁUSULA 24ª Apertura das proposicións
- CLÁUSULA 25ª Variantes
- CLÁUSULA 26ª Oferta anormalmente baixa
- CLÁUSULA 27ª Presentación da documentación con carácter previo á adxudicación
- CLÁUSULA 28ª Renuncia ou desistencia
- CLÁUSULA 29ª Proposta de adxudicación
- CLÁUSULA 30ª Adxudicación do contrato
- CLÁUSULA 31ª Formalización do contrato

### CAPÍTULO III. EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DO CONTRATO

- CLÁUSULA 32ª Revisión de prezos
- CLÁUSULA 33ª Réxime dos pagamentos do prezo
- CLÁUSULA 34ª Garantías definitivas
- CLÁUSULA 35ª Causas especiais de resolución do contrato
- CLÁUSULA 36ª Incumprimento das condicións especiais de execución
- CLÁUSULA 37ª Penalidades
- CLÁUSULA 38ª Modificación do contrato
- CLÁUSULA 39ª Recepción do contrato
- CLÁUSULA 40ª Prazo de garantía da prestación contratada
- CLÁUSULA 41ª Cesión e Subcontratación
- CLÁUSULA 42ª Información sobre as obrigacións relativas a fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego e condicións laborais
- CLÁUSULA 43ª Confidencialidade



**NARÓN**

CLÁUSULA 44ª Protección de datos de carácter persoal

CLÁUSULA 45ª Gastos de publicidade

CLÁUSULA 46ª Prerrogativas

CLÁUSULA 47ª Xurisdición

**ANEXO I:** MODELO DE DECLARACIÓNS

**ANEXO II:** MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

**ANEXO III:** DECLARACIÓN ACHEGA DO NÚMERO GLOBAL TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE



## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

### 1ª Obxecto.

É obxecto deste expediente a contratación do servizo denominado "colaboración en materia de xestión tributaria e xestión recadatoria en período voluntario da taxa de residuos sólidos urbanos", co que se pretende levar a cabo adecuadamente a xestión tributaria e a xestión recadatoria en período voluntario desta taxa ante a insuficiencia de medios necesarios por parte deste Concello.

Todo iso, de conformidade coas especificacións e traballos establecidas no apartado 3 do prego de prescricións técnicas particulares.

En cumprimento do establecido no apartado g) do punto 4 do artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), os motivos polos que se decidiu non subdividir a prestación do contrato en lotes constan na memoria redactada polos responsables das unidades xestoras do contrato para xustificar a necesidade deste contrato.

### CLÁUSULA 2ª. Codificación do obxecto.

O obxecto deste contrato de servizos corresponde co código (CPV):

79940000-5 Servizo de axencias de recadación de fondos.

### CLÁUSULA 3ª Necesidades administrativas a satisfacer e factores a ter en conta.

Mediante esta contratación preténdese realizar as tarefas de colaboración na xestión tributaria, xestión recadatoria en período voluntario e inspección da taxa de RSU, en exercicio das súas potestades tributarias e financeiras, de conformidade co disposto nos artigos 4 e 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e demais normativa vixente ao efecto, toda vez que estes servizos se constitúen como esenciais polo que se deben garantir e prestar polo Concello para satisfacer as necesidades da comunidade veciñal e para o que se require un soporte que garanta un marco tecnolóxico adecuado e de atención ao público acorde coas prestacións obxecto do contrato.

En todo caso, non poderán ser obxecto deste contrato os servizos que impliquen o exercicio de autoridade nin manexo de fondos públicos. Neste caso, non se trasladan funcións que impliquen o exercicio de autoridade nin manexo de fondos públicos, e preténdese a optimización da actividade recadatoria da Corporación municipal, ao obxecto de conseguir na recadación os niveles máximos de porcentaxes de cobro e garantir a financiación necesaria para a prestación de cantos servizos públicos son inherente á actividade normal do Concello, ao amparo dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local. De igual xeito, preténdese continuar co establecemento dun cauce normalizado e accesible que permita aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias en relación coa taxa de RSU.

### CLÁUSULA 4ª Réxime xurídico.

O presente contrato é de servizos, conforme á descrición que se fai deste tipo de contrato no art. 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,



pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, debido a que coa súa formalización o empresario fica obrigado a realizar unha prestación de facer consistente no desenvolvemento dunha actividade ou dirixida á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, non podendo ser obxecto deste tipo de contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

O presente contrato réxese por:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (segundo redacción dada polo Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións).
- En canto non se opoña ao establecido na LCSP, o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)

## **CLÁUSULA 5ª Órgano de contratación.**

Segundo o apartado primeiro da disposición adicional segunda da LCSP, a alcaldía é o órgano competente para aprobar e formalizar o presente contrato.

## **CLÁUSULA 6ª Perfil de contratante.**

O acceso ao perfil do contratante efectuarase a través da páxina web do Concello de Narón [www.naron.es](http://www.naron.es); perfil do contratante.

## **CLÁUSULA 7ª Orzamento e base de licitación.**

*Sistema de determinación do prezo:* Para a determinación do prezo deste contrato tívose en conta o prezo das súas prestacións calculado por referencia ao prezo xeral de mercado no momento de fixar o orzamento base e de licitación así como datos sobre contratos anteriores, e en base ao mesmo, o prezo do contrato, e a retribución do contratista consistirán no prezo certo.

*Valor estimado:* O valor estimado desta contratación, ascende a setenta e catro mil trescentos cinco euros con dous céntimos (74.305,02 €). O cálculo deste valor baséase, conforme ao establecido no art. 101 da LCSP, no importe total a pagar.



Orzamento base de licitación:

O orzamento base de licitación/tipo de licitación é de 89.909,08 euros (IVE incluído).

Estes prezos baséanse no seguinte estudo de costes (referido a un ano):

CONCEPTO	IMPORTE (€)
COSTES DIRECTOS	28.100,97
COSTES INDIRECTOS	3.119,63
GASTOS XERAIS/BENEFICIO INDUSTRIAL	5.931,91
TOTAL VALOR ESTIMADO	37.152,51
IVE	7.802,03
CUSTO TOTAL	44.954,54

## **CLÁUSULA 8ª Crédito orzamentario; rúbrica contable con cargo á que se abonará o prezo.**

No orzamento dos anos 2020, 2021 e 2022 deberá dotarse o crédito necesario para facer fronte aos gastos derivados da contratación con cargo á aplicación orzamentaria 9320 22708 de acordo coas seguintes anualidades:

- Para o ano 2020, deberá dotarse 41.208,33 euros, con cargo ao RC: 220200000583.
- Para o ano 2021, deberá dotarse 44.954,54 euros con cargo ao RCP: 220199000217.
- Para o ano 2022, deberá dotarse 3.746,21 euros con cargo ao RCP: 220199000217.

## **CLÁUSULA 9ª Duración e determinación das prórrogas.**

A vixencia do contrato estenderase desde o día seguinte á formalización do contrato administrativo e durante un prazo de dous anos. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

## **CAPÍTULO II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA.**

### **CLÁUSULA 10ª Tramitación do expediente a efectos da adxudicación do contrato.**

De conformidade co establecido no artigo 131 da Lei de Contratos do sector Público, o contrato adxudicarase por procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 do mesmo texto legal, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición (debendo estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma na data final de presentación das ofertas), quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.



## **CLÁUSULA 11ª Procedemento de adxudicación do contrato.**

O contrato tramítase de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 do LCSP; adxudicarase por procedemento aberto simplificado, tendo en conta os criterios de adxudicación que se regulan na cláusula 12ª do presente prego; e na súa instrución, seguiranse as normas que se conteñen no artigo 159, e naqueles aspectos non previstos neste artigo, nas contidas para o procedemento aberto nos artigos 156 a 158 do mesmo texto legal.

Consta no expediente a elección e xustificación da utilización deste procedemento por parte das unidades xestoras do contrato.

A elección dos criterios de adxudicación, xustifícanse no prego técnico asinado polos responsables das unidades xestoras do contrato con data de 21 de novembro de 2019.

## **CLÁUSULA 12ª.- Criterios de valoración das ofertas.**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta con mellor relación calidade-prezo atenderase aos seguintes criterios de adxudicación cuantificables de forma automática:

### 1. Proposición económica (90 puntos):

A puntuación máxima outorgarase á proposta máis favorable respecto do presuposto base de licitación. Ao resto das ofertas outorgaráselles a puntuación que lles corresponda proporcionalmente segundo a seguinte fórmula matemática:

Puntuación: (oferta máis baixa x 90)/prezo ofertado

### 2. Incremento de horas de presenza efectiva en atención ao público (por enriba das 4 horas mínimas diarias) (ata 10 puntos):

Por cada hora de incremento de presenza no dito horario: 5 puntos (ata o máximo de 10 puntos).

## **Criterios de desempate:**

No caso de empate na puntuación terá preferencia na adxudicación aquelas propostas presentadas por empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teñan no cadro de persoal unha porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade superior ao que impoña a normativa.

De persistir o empate aplicarase por orde os criterios sociais dispostos no artigo 147.2 da Lei 9/2017.

## **CLÁUSULA 13ª Documentación con carácter contractual.**

O presente contrato administrativo é de carácter plurianual, e as partes que o asinen quedarán sometidas expresamente ao establecido nos documentos de carácter contractual que se relacionan a continuación, e na orde de prelación que se indica:

- O Prego de cláusulas administrativas particulares.
- O Prego de Prescricións técnicas particulares.





- O documento en que se formalice o contrato.
- A oferta presentada polo adxudicatario.

En caso de discordancia entre este prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o de cláusulas xurídico-administrativas, por entender que contén os dereitos e obrigacións que asumirán as partes do contrato.

## **CLAÚSULA 14ª. Dereitos e obrigas específicas das partes.**

1 A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto polo artigo 197 da LCSP.

2 A execución do contrato suxeitarase ao establecido nos documentos en que se formalice o mesmo e nos seus pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao adxudicatario o responsable do contrato, que será responsable do contrato para o seguimento das prestacións que forman parte do obxecto contractual e de resolver, no seu caso, cantas incidencias se produzan como consecuencia do seu incumprimento.

3 O persoal que o empresario destine á execución deste contrato non terá vinculación laboral ou de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados nunha modalidade que non vincule directamente aos traballadores aos servizos obxecto do mesmo e non se destinen con exclusividade a aquel, de maneira que non poida considerarse que constitúen unha unidade económica susceptible de transmisión. Se o adxudicatario contrata novo persoal deberá elixir unha modalidade que adscriba a estes traballadores ás actividades propias da empresa e non por referencia a esta contratación. Á extinción deste contrato, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.

4 A empresa contratista deberá cumprir durante toda a vida do contrato, as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación de conformidade co disposto no artigo 201 da LCSP e especialmente no relativo ás condicións salariais dos traballadores.

5 Durante a execución do contrato o adxudicatario comprometerase a facilitar ao responsable do contrato, a información e documentación que esta solicite para dispoñer dun pleno coñecemento das circunstancias nas que aqueles se desenvolven, así como dos eventuais problemas que poidan exporse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizados para resolvelos.

6 En cumprimento do disposto no artigo 311.2 do LCSP, o contratista será responsable das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados, ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

7 Son de conta dos adxudicatario os gastos que se ocasionen pola formalización do contrato, e cantos outros estean legalmente establecidos, isto é, ademais do material, os xenerais, financeiros, de seguros, prezos públicos, taxas e toda clase de tributos, incluído o IVE, o imposto que grave a súa actividade e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato, se fose necesario.

## **8 Condicións especiais de execución do contrato:**

Como condicións especiais de execución das previstas no art. 202 da LCSP, establécense as seguintes:

- O estrito cumprimento das disposicións legais regulamentarias e convencionais vixentes e que resulten de aplicación en materia laboral, de Seguridade Social e saúde no traballo.



-O estricto cumprimento das disposicións previstas na LO 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Estas condicións teñen el carácter de obrigación contractual esencial, por lo que, al amparo de lo previsto en el art. 211.1.f) de la LCSP, su incumplimiento será considerado causa de resolución del contrato a los efectos señalados en el art. 213.2

### **CLÁUSULA 15ª Contratista. Capacidade.**

Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Igualmente poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cando fosen persoas xurídicas deberán xustificar ademais que o obxecto social da entidade comprende o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorren.

No que respecta ás empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo e as empresas non comunitarias estarase ao disposto nos artigos 68 e 69 da LCSP 2017.

Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen prexuízo das facultades da Mesa de Contratación cando existan indicios de colusión, conforme ao artigo 69 da LCSP, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuara a adxudicación do contrato ao seu favor.

A obrigada inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) ou no Rexistro Oficial equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia para poder optar a este procedemento dispensará ao licitador proposto para a adxudicación de acreditar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo da potestade do órgano de contratación da esixencia doutra documentación para xustificar a súa aptitude, dentro do prazo de 7 días hábiles establecido para a presentación da garantía definitiva.

### **CLÁUSULA 16ª Contratista. Prohibición de contratar.**

Os licitadores non deberán estar incursos en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 71 do LCSP na data de conclusión do prazo de presentación das ofertas. Tampouco deberá estar incurso en tal situación cando se proceda á adxudicación do contrato.

### **CLÁUSULA 17ª Contratista. Solvencia económica e financeira.**

O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser de, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato, excluído o IVE (55.728,77 euros).



O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, ou ben, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

## **CLÁUSULA 18ª Contratista. Solvencia técnica e profesional.**

Relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados no curso dos tres últimos anos, indicando importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do Sector Público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

Requisito mínimo de solvencia técnica: O importe anual acumulado no ano de maior execución deberá de ser igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato, excluído o IVE (37.152,51 euros).

Verifícase que os requisitos mínimos esixidos son proporcionados e se adecúan ao obxecto do contrato, asegurando así que a adxudicataria posúe os recursos necesarios para executar o contrato cun nivel adecuado de calidade.

## **CLÁUSULA 19ª Contratista. Clasificación.**

Non se esixe. De conformidade co establecido no artigo 77.1.b da LCSP, tendo en conta que o obxecto do contrato non se atopa incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificacións vixentes, os licitadores deberán xustificar a súa solvencia acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos nas cláusulas 17 e 18.

## **CLÁUSULA 20ª Proposicións.**

O candidato non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en Unión Temporal con outras empresas se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha Unión Temporal de Empresas. A contravención deste principio dará lugar, no seu caso, á non admisión de todas as presentadas polo mesmo (artigo 139 da LCSP).

A súa proposición deberá axustarse ao previsto neste prego e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha, ademais da aceptación voluntaria de dar transparencia institucional a todos os datos derivados dos procesos de licitación, adxudicación e execución ata a súa finalización.

## **CLÁUSULA 21ª Modo de presentación das proposicións.**

Lugar e prazo de presentación de ofertas:

Presentación Electrónica



A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva deberase presentar, dentro do prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados se rexistren, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos sobres até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará os devanditos sobres no envío.

Unha vez realizada a presentación, a Ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

Información aos licitadores:

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria á que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que a dita petición se presente cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data.

Contido das proposicións:

Os licitadores deberán presentar un **único arquivo**, no que deberá incluír a declaración responsable acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e o modelo de oferta que conterá todos os criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, cifrado e asinado por eles mesmos, ou persoa que lles represente, na Ferramenta de preparación e presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon á súa disposición.

Os licitadores responden da veracidade e exactitude de todos os datos achegados, coas consecuencias que se derivan do disposto nos artigos 71 e ss. da LCSP en caso de incumprimento. En particular, poderán ser declarados incurso en prohibición de contratar con esta Administración cando se detecte que incorreron en falsidade ao efectuar a declaración responsable ou ao facilitar outros datos relativos á súa capacidade e solvencia.



## CLÁUSULA 22ª Documentos, forma e contido das proposicións.

SOBRE OU ARQUIVO ÚNICO: Que incluírá:

1. Modelo de declaracións, segundo o Anexo I deste prego:

En aplicación do disposto no artigo 141 da LCSP, incluírase no arquivo electrónico declaración responsable (segundo modelo do anexo I) do asinante da oferta, indicando que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta, que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica, ou, no seu caso, a clasificación correspondiente, que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade, que non está incurso en prohibición de contratar ningunha, e, no seu caso, a existencia do compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCSP.

Se varios empresarios concorren constituíndo unha unión temporal, cada un dos que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade de obrar presentando todos e cada un deles un modelo de declaración responsable separado, debendo acompañar así mesmo un escrito de compromiso no que indicarán os nomes e circunstancias dos empresarios que se agrupan, a porcentaxe de participación de cada un deles e a designación dun representante ou apoderado único da unión, que durante a vixencia do contrato ha de ostentar a plena representación da mesma fronte á Administración. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Se o licitador vai recorrer á capacidade doutra/s entidade/s para acreditar solvencia, deberá tamén achegar a declaración responsable separada de dita/s entidade/s.

Non obstante, o órgano ou a mesa de contratación, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento, poderán solicitar, en calquera momento anterior á adjudicación, que os licitadores presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración.

Xurisdición de empresas estranxeiras:

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

2. A **OFERTA ECONÓMICA e demais criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes** presentarase conforme ao modelo que se achega como Anexo II deste prego, formando parte inseparable do mesmo. Este modelo cumprimentarase en caracteres claros e entenderanse incluídos todos os conceptos, incluídos os impostos, gastos, taxas e arbitrios de calquera esfera fiscal e o beneficio industrial do contratista. Na proposición económica deberá indicarse, como partida independente, de ser o caso, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

Non se aceptarán aquelas proposicións que:



- Teñan contradicións, omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer, claramente, os datos que a Administración estime fundamentais para considerar a oferta.
- Aquelas que carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedan do tipo máximo de licitación.
- Comporten erro manifesto no importe da proposición.
- As que varíen substancialmente o modelo de proposición establecido que figura como Anexo I deste prego.

## **CLÁUSULA 23ª Mesa de contratación.**

A Mesa de contratación que asistirá ao Órgano de Contratación na adxudicación deste contrato será a permanente do Concello de Narón aprobada polo Pleno Municipal da Corporación.

Ás reunións da Mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza do asunto para tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

En xeral, a Mesa de contratación desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 326.2 da LCSP e no seu desenvolvemento regulamentario.

## **CLÁUSULA 24ª Apertura das proposicións**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada estarase ao disposto nos artigos 159, 146 e seguintes da LCSP e regulamento de desenvolvemento da lei.

Unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo electrónico único no lugar e día que se sinala no perfil do contratante.

O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causas ou causas de non admisión destas últimas. Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Tras o acto público de apertura, na mesma sesión, a mesa procederá a:

1. Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
2. Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato coa mellor puntuación.
3. Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.
4. Requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue cando desexe recurrir ás capacidades doutras entidades, compromiso por escrito das ditas entidades de que vai dispoñer dos recursos necesarios; todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación.



No caso de que a oferta do licitador que obtivera a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa (artigo 149) e segundo as condicións indicadas na cláusula 26 deste prego, unha vez realizada a proposta de adxudicación, seguirá o procedemento incluído no citado artigo 149, segundo o cal se lle notificará esta circunstancia para que no prazo de 5 días hábiles xustifique a súa oferta, de acordo cos criterios obxectivos de valoración indicados na citada cláusula 26. No procedemento deberá solicitarse asesoramento técnico ao Servizo correspondente.

## **CLÁUSULA 25ª Variantes**

Neste procedemento de contratación non se admitirá a presentación de variantes.

## **CLÁUSULA 26ª Oferta anormalmente baixa.**

Consideraranse, en principio, desproporcionadas, para os efectos do disposto no artigo 149 da LCSP, as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Cando, concorrendo un solo licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:

- Xustificación do prezo ofertado en atención á proposición entendida no seu conxunto.
- As condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para prestar os servizos.
- Respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- Posible obtención de axuda do estado.

## **CLÁUSULA 27ª Presentación da documentación con carácter previo á adxudicación.**

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, tras comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público





(ROLECE) ou no Rexistro Oficial equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa que presenta a mellor oferta está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, conta coa solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición de contratar, requírase a este licitador para que no prazo de sete días hábiles a contar desde o envío da comunicación presente a garantía definitiva, a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional, compromiso de adscrición de medios e así como, cando desexe recurrir ás capacidades doutras entidades, compromiso por escrito das ditas entidades de que vai dispoñer dos recursos necesarios.

No suposto en que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non esté inscrito no Rexistro de Licitadores, a mesma deberá achegala no prazo de 7 días hábiles establecidos.

Ademais, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, e por tratarse dun contrato que require na súa execución de tratamento de datos de carácter persoal, o licitador deberá presentar dentro do mesmo prazo, unha declaración na que se poña de manifesto onde van estar ubicados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados aos mesmos, coa obriga de comunicar calquera cambio que se produza respecto desta declaración ao longo da vida do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

## **CLÁUSULA 28ª Renuncia ou desistencia.**

En xeral, corresponde ao órgano de contratación, por razóns de interese público debidamente xustificadas, renunciar a asinar un contrato antes da súa adxudicación.

Tamén poderá desistir da adxudicación cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

## **CLÁUSULA 29ª Proposta de adxudicación.**

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

## **CLÁUSULA 30ª Adxudicación do contrato.**

A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

A notificación deberá expresar os seguintes extremos:





1º En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

2º Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

3º En todo caso, o nome do adxudicatario, e as características e vantaxes da súa proposición determinantes de que fose seleccionada con preferencia ás demais admitidas.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización conforme ao artigo 153.3 da LCSP, que indica que a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores.

## **CLÁUSULA 31ª Formalización do contrato.**

O contrato perfeccionarase coa súa formalización, a través de documento administrativo que se axuste ás condicións da licitación, no prazo indicado no parágrafo anterior. A oferta presentada pola empresa adxudicataria formará parte do contrato, quedando aquela vinculada á prestación de todos os extremos indicados na súa oferta.

A formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a 15 días tralo perfeccionamento no perfil do contratante do órgano de contratación.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así se solicita polo contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento, en aplicación do disposto no artigo 153 da LCSP. O contratista, se opta xa que logo, deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do documento citado no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

Se por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo sinalado, resolverase o mesmo, cos mesmos efectos que produce a retirada da súa oferta, sendo trámite necesario a audiencia ao interesado. A resolución do contrato nestes termos leva indemnización dos danos e perdas ocasionados, podendo adxudicarse ao licitador seguinte a aquel, por orde de valoración das súas ofertas.

As dúas partes asinarán, por duplicado exemplar, o contrato, o Prego de Cláusulas administrativas e o Prego de Prescricións técnicas particulares, co gallo de que unha das copias fiquen en poder do Concello, e a outra sexa entregada ao adxudicatario. As ofertas presentadas pola empresa adxudicataria formarán parte do contrato.

## **CAPÍTULO III. EFECTOS, CUMPRIMENTO E EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

### **CLÁUSULA 32ª Revisión de prezos.**

Non procede.

### **CLÁUSULA 33ª Réxime dos pagamentos do prezo.**

A facturación dos traballos realizarase a mes vencido, e será a cantidade correspondente á oferta anual realizada dividida nas doce mensualidades máis o IVE correspondente. Conterá ademais os seguintes datos:



Oficina contable LA0002628 Rexistro de facturas  
Órgano xestor L01150546 Concello de Narón  
Unidade tramitadora LA0002615 Tesourería

As facturas deberán presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso á factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público. Nestes casos, a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

As facturas presentadas deberán ser conformadas pola Tesoureira, responsable do contrato, quen verificará que a prestación se axusta ao establecido nos pregos que rexen a contratación.

O Concello terá a obrigaón de abonar o prezo, mediante transferencia bancaria, dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato, sen prexuízo do establecido no artigo 210 da LCSP, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para a devindicación de intereses, o contratista deberá de cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o Rexistro Xeral de presentación de facturas deste Concello, en tempo e forma.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o Rexistro, a devindicación de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data da súa presentación, sen que a Administración a houbese aprobado, previa conformidade da persoa responsable do seguimento do contrato e efectuado o correspondente aboamento.

## **CLÁUSULA 34ª Garantías definitivas.**

Garantía provisoria. En atención ás circunstancias que concorren neste contrato, e ao amparo do disposto no artigo 106.1 da LCSP, enténdese que non existen razóns que xustifiquen a súa esixencia, polo que NON PROCEDE.

Garantía definitiva. Como se indicou, o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa está obrigado a constituír, a disposición do órgano de contratación, garantía definitiva por importe igual ao 5 por 100 do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído. A garantía debe ser depositada no prazo de 7 días hábiles, contado desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento que se regula a estes efectos no artigo 159 da LCSP.

A garantía poderá prestarse por calquera dos medios contemplados no artigo 108 apartado 1 da LCSP.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 da LCSP.

## **CLÁUSULA 35ª Causas especiais de resolución do contrato.**

Son causas de resolución as recollidas, con carácter xeral, nos artigos 211 e 313 da LCSP.



Conforme o establecido no artigo 122 da LCSP (segundo redacción dada polo segundo redacción dada polo Real decreto 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións) será causa de resolución do contrato a infracción de calquera das obrigas relacionadas no apartados a) ao e) do apartado 2 do citado artigo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida, e cos efectos que se regulan no art. 213 da LCSP.

## **CLÁUSULA 36ª Incumprimento das condicións especiais de execución.**

O incumprimento das condicións especiais de execución do contrato e cualificadas como obrigas esenciais serán causa de resolución deste contrato.

## **CLÁUSULA 37ª Penalidades.**

De conformidade co disposto no artigo 192 da LCSP, en caso de incumprimento, a proposta do responsable de contrato, previa tramitación das actuacións oportunas e con audiencia do contratista poderá impoñer as seguintes penalidades:

Incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso (artigo 192 LCSP)

Penalidades:

Para os efectos contractuais, considerarase falta sancionable toda acción e omisión do adxudicatario que supoña incumprimento do clausulado do presente prego, quedando facultada esta Corporación Municipal para a esixencia ao adxudicatario da responsabilidade que corresponda, de conformidade coa natureza e cualificación da infracción.

As infraccións en que poida incurrir o adxudicatario calificaranse en leves, graves e moi graves.

O órgano de contratación poderá impoñer as penalidades, como consecuencia do cumprimento defectuoso da prestación ou para o suposto do incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se tiveren establecido no presente prego ou no prego de cláusulas técnicas, e que non dean lugar á resolución do contrato.

Penalidades por incumprimento da execución parcial das prestacións definidas no contrato:

I.- Poderán dar lugar, previa audiencia do adxudicatario, ao apercibimento da entidade contratante os seguintes incumprimentos do contrato, que terán a consideración de leves:

- Retrasos e demoras inxustificadas no cumprimento dos prazos de subministro de datos para a rendición de contas ou calquera outra finalidade.
- Incorreccións nas relacións co público ou co persoal do Concello por parte do adxudicatario ou do persoal ao seu cargo.
- Peche inxustificado das dependencias de atención ao público durante a xornada establecida, sen que medie autorización do Concello.
- Desobediencia leve das ordes, circulares e instrucións que emanan da dirección do servizo que se diten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- Incumprimento da obriga de mantemento e decoro das dependencias ao seu cargo.
- O incumprimento do calendario fiscal.
- As accións e omisións que impliquen mera negligencia ou descoído por incumprimento de obrigacións establecidas e que non ocasionen prexuízos económicos.



- O incumprimento dos prazos e da periodicidade que se sinalen en circulares elaboradas polos funcionarios competentes.
- O incumprimento da obrigaón de dispoñer de modelos e impresos.
- Calquera outro incumprimento que non estea especificamente cualificado como grave ou moi grave.

II.- Poderá dar lugar, logo de expediente instruído para o efecto, con audiencia da entidade contratante, á imposición das seguintes penalidades de ata o 5% do orzamento máximo anual do contrato que se descontará da facturación da empresa, o seguinte incumprimento do contrato, que terá a consideración de grave:

- Desobediencia grave das ordes que emanen dos órganos competentes e que se diten para a máis correcta e eficaz prestación dos servizos.
- Interrupción continuada na prestación do servizo por un período de dous días sen causa xustificada.
- Calquera actuación negligente que prexudique notoriamente os intereses municipais.
- Incurrir en falta leve máis de tres veces no prazo de dous anos contados desde a comisión da primeira delas.
- O incumprimento das obrigaóns esixidas na cláusula 5 do Prego Técnico ou a súa realización de forma notoriamente inadecuada. Salvo que devandito incumprimento deba de ser considerado como moi grave.
- A alteración, modificación ou introdución de correccións nos recibos e resolucións nos expedientes facilitados á empresa para a súa xestión non amparados na normativa vixente.
- A negativa ou obstrución ás funcións de control ou fiscalización que realicen os funcionarios municipais que teñan atribuídos tales labores.
- En xeral, a inobservancia dos preceptos contidos na Lei Xeral Tributaria, Regulamentos de Desenvolvemento, Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións aplicables.

III.- Poderá dar lugar, logo de expediente instruído para o efecto e con audiencia do contratista, á imposición dunha penalidade de entre o 6% e o 10% do orzamento máximo anual do contrato e/ou á resolución do contrato, e inhabilitación, se é o caso, os seguintes incumprimentos do contrato que terán á consideración de moi graves:

- Neglixencia na custodia dos valores e documentos entregados para a realización das funcións obxecto de contratación.
- Exacción de costas e gastos aos contribuíntes que non están debidamente autorizadas e xustificadas.
- Incumprimento das obrigaóns de contratación do persoal, do tipo de contrato a realizar co mesmo e as obrigaóns coa Seguridade Social.
- Omisión no cumprimento das obrigaóns na liquidación de valores.
- Cesión ou subcontratación dos servizos con terceiros sen a previa autorización do Concello e o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de contratos.
- Interrupción continuada na prestación do servizo por un período superior ao establecido para os incumprimentos graves.
- A prescrición de valores ao seu cargo, por negligencias imputables á empresa adjudicataria sen prexuízo da esixencia de reintegro se procede.
- Recadación ou intento de cobranza de débedas cuxa anulación ou baixa administrativa foille comunicada.
- Incurrir en falta grave máis de tres veces no prazo de dous anos contados desde a comisión da primeira delas.
- Ingresar as cantidades recadadas en contas distintas das designadas polo Concello.



- Condonar ou deixar de cobrar, sen autorización municipal, cantidades da débeda tributaria.
- O incumprimento da normativa de protección de datos ou do deber de sigilo nos datos aos que acceda en execución do presente contrato.
- A realización do contrato sen os medios materiais ou humanos esixidos nos pregos, en particular, o incumprimento da cláusula 5 do Prego Técnico
- O incumprimento das condicións ofrecidas polo adxudicatario na súa oferta que foron condicionantes da adxudicación.
- Desobediencia reiterada ás circulares e instrucións que emanen dos responsables do servizo para a eficaz e normal execución do mesmo.

**Cando a totalidade das penalidades impostas ao contratista supere o 50% do prezo do contratos, o órgano de contratación procederá a resolver o mesmo.**

## **CLÁUSULA 38ª Modificación do contrato.**

Non se prevé modificación algunha do contrato durante o prazo de execución aos efectos do disposto no artigo 204 da LCSP.

Excepcionalmente poderán introducirse modificacións que non estean previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

## **CLÁUSULA 39ª Recepción do contrato.**

O cumprimento dos contratos esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade que terá lugar, consonte o disposto nos artigos 203 e 204 RXLCAP, dentro do mes seguinte ao de retorno do servizo.

Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitar a mesma quedando exenta da obriga de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

## **CLÁUSULA 40ª Prazo de garantía da prestación contratada.**

Dada a natureza e características do obxecto do contrato establécese un prazo de garantía do servizo prestado de 6 meses.

## **CLÁUSULA 41ª Cesión e Subcontratación.**

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos e obrigas dimanantes do contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, nos termos sinalados no artigo 214 da LCSP.

Polo que respecta á subcontratación estarase ao disposto nos artigos 215 (segundo redacción dada polo Real decreto 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións) a 217 LCSP.

O contratista poderá subcontratar as prestacións parciais que considere, as cales nunca poderán chegar a sumar a totalidade do contrato, en todo caso, a adxudicataria deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os



subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia.

O Concello poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que a adjudicataria ha de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen no presente contrato durante o prazo da súa execución e, unha vez rematada a prestación, dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 217 da LCSP.

Para ese efecto, aquela remitirá ao Concello, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato xunto con aquelas condicións de subcontratación que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

### **CLÁUSULA 42ª Información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego e condicións laborais.**

En xeral, o contratista deberá ter en conta as obrigacións relativas a fiscalidade, e protección do medio ambiente, así como as disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, que serán aplicables aos servizos efectuados durante a execución do contrato.

### **CLÁUSULA 43ª Confidencialidade**

Sen prexuízo das disposicións da LCSP, relativas á publicidade da adjudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular ás ofertas, en especial con respecto aos aspectos confidenciais das mesmas. O órgano de contratación non poderá divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial de aquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo indefinido.

### **CLÁUSULA 44ª Protección de datos de carácter persoal:**

O contratista queda obrigado a cumprir estritamente o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Considerando as necesidades que se pretenden cubrir co presente contrato e que figuran detalladas no prego de prescricións técnicas particulares; a cesión de datos persoais neste contrato é precisa e ten como finalidade poder xestionar (elaborar padróns fiscais, autoliquidacións e liquidacións, altas e baixas de contribuíntes, mantemento de domicilios fiscais, etc) así como recadar ( confección de ficheiros de C19 do C.S.B, altas, baixas e modificacións de domiciliacións bancarias, etc) a taxa de RSU nos termos



previstos na normativa de aplicación (Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, Ordenanza fiscal reguladora da taxa, entre outra lexislación aplicable a esta materia).

Os datos cuxa cesión é necesaria para levar a cabo as prestacións do contrato comprende a información fiscal dos contribuíntes (nome, apelidos, CIF/NIF, domicilio fiscal, datos do representante designado (no seu caso), teléfono, email e información de IBAN das contas bancarias onde domiciliar os pagos, fundamentalmente.

## **CLÁUSULA 45ª Gastos de publicidade.**

Son de conta do contratista os gastos de publicidade que, no seu caso, puideran derivarse deste contrato.

## **CLÁUSULA 46ª Prerrogativas.**

Dado o carácter administrativo deste contrato, o órgano de contratación ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante a vixencia do mesmo sobre a súa interpretación, efectos e extinción, dentro dos límites, e con suxeición aos requisitos sinalados na lei.

## **CLÁUSULA 47ª Xurisdición.**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei Reguladora da devandita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición con carácter potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O presente prego resulta axeitado ao ordenamento xurídico vixente, polo que se asina a conformidade co mesmo:





## ANEXO I

### MODELO DE DECLARACIÓN

D. \_\_\_\_\_ con domicilio no municipio de .....\_rúa  
\_\_\_\_\_  
nº \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_ país  
teléfono \_\_\_\_\_ con DNI/NIF (ou pasaporte ou documento que o substitúa)  
número \_\_\_\_\_ actuando en nome propio (ou en  
representación de \_\_\_\_\_.

DNI ou NIF número \_\_\_\_\_ con domicilio no municipio de  
\_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_ nº  
\_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_ país \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_

Toma parte no procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato de servizo denominado "colaboración en materia de xestión tributaria e xestión recadatoria en período voluntario da taxa de residuos sólidos urbanos" e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- a) \_\_\_ Non concorre con empresas vinculadas.
- b) \_\_\_ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación  
NIF

#### **4º.- DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

**1º Que desempeña a representación da sociedade que presenta a oferta;**

**2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;**

**3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;**

**4º Que non esta incurso en ningunha prohibición de contratar;**

**5º De conformidade co disposto no art 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):**

- Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades**
- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do**





**compromiso por escrito destas entidades, UNHA VEZ REQUIRIDO POLA Administración.**

**6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras).**

**7º Que se atopa inscrita no Rexistro:**

- Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición \_\_\_\_\_**
- Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición \_\_\_\_\_**

**8º De conformidade co disposto no art 122 LCSP. (Indicar a opción):**

- Non ten previsto subcontratar os servidores para o tratamento dos datos persoais ou os servizos asociados aos mesmos.**
- Que ten previsto subcontratar os servidores para o tratamento dos datos persoais ou os servizos asociados aos mesmos. Indicar neste caso o nome e perfil empresarial, definido por referencia ás condición de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vai encomendar a súa realización.**

En \_\_\_\_\_ o de \_\_\_\_\_ de 202\_\_  
O LICITADOR (asinado )



## **ANEXO II** **Modelo de proposición económica**

D/Dña.....,C  
on enderezo en....., rúa..... e provisto do DNI....., en  
nome propio ou da persoa física/xurídica á que  
representa.....(póñase a razón social da empresa),  
con N.I.F....., decatado dos pregos  
de condicións relativos ao servizo denominado "colaboración en materia de xestión  
tributaria e xestión recadatoria en período voluntario da taxa de residuos sólidos  
urbanos" comprométese a levar a cabo a realización do mesmo nas seguintes condicións:

- Prezo:
- IVE aplicable:
- Prezo (IVE incluído):

En....., a .....de.....de 202.....

O licitador (asinado).



## ANEXO III: DECLARACIÓN

### **Modelo de Declaración achega do número global traballadores con discapacidade, (cláusula 10.1.2.1.)**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ con domicilio no municipio de \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, país \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_, con DNI/NIF Nº \_\_\_\_\_, en nome propio ou en nome e representación da empresa de \_\_\_\_\_, provincia de \_\_\_\_\_, país \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_, con NIF Nº \_\_\_\_\_, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de Servizo de colaboración en materia de xestión tributaria e xestión recadatoria en período voluntario da taxa de residuos sólidos urbanos.

Declara responsablemente:

1. Que o número global de traballadores de persoal é de \_\_\_\_, sendo o número particular de traballadores con discapacidade no persoal de \_\_\_\_, o que representa un % (superior en... % ao mínimo legal establecido)
2. Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do %

(Lugar, data e sinatura do propoñente)